

## **INTRODUCCIÓN**

*Un dos aspectos básicos desta programación é a necesidade de fomentar unha atención personalizada, coa finalidade de propiciar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores, atendendo á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumno/a.*

*A integración escolar de alumnos/as con necesidades educativas, implica aceptar que todos pertencen ó sistema ordinario, e desde el, débense ofrecer solucións diferenciais segundo as súas particularidades. É, en definitiva, a aplicación da normalización a nivel educativo, a noción dunha escola e un currículo para todos baixo os principios da comprensividade e diversidade.*

## **OBXECTIVOS XERAIS DAS AULAS DE PT**

*Os obxectivos enmarcados dentro da programación das aulas de pedagogía terapéutica, ( PT1 e PT2) tendo en conta o nivel de competencia curricular dos alumnos/as ó que vai dirixida, serán os seguintes:*

- .Detectar, avaliar, apoiar e realizar o seguimento do alumnado con necesidades educativas.*
- .Proporcionar ó alumnado con NEE unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.*
- .Adaptar de forma especial dita resposta ó alumnado con necesidades educativas.*
- .Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades educativas de cada alumno.*
- .Comprender o sentido e funcionalidade da lingua escrita empregando actividades funcionais.*
- .Acadar un nivel de lectura mecánica e comprensiva o máis aceptable que se poida.*
- .Desenvolver e potenciar as habilidades na escrita.*
- .Iniciar e mellorar nas habilidades lóxico-matemáticas aplicándoas á vida diaria.*
- .Adquirir un nivel óptimo de aprendizaxe nas distintas áreas que forman o currículo.*
- .Mellorar a capacidade de dirixir a atención.*
- .Exercitar aspectos do razoamento concreto.*

## **ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN POR PARTE DAS MESTRAS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DE INFANTIL E PRIMARIA.**

*A resposta educativa ós alumnos/as con NEE correrá a cargo, ademais do titor/a e mestres especialistas, das mestres de P.T. e A.L., baixo a coordinación do Orientador do centro.*

*A relación de alumnos/as que precisan dunha intervención directa por parte das mestras de P.T. foi avaliada dende o Departamento de Orientación. En función desta avaliación, considerase que recibirán*

atención individualizada os seguintes alumnos, tendo en conta que a relación de dito alumnado estará suxeita a modificacións en función das necesidades do alumnado e do centro ó longo do curso:

ALUMNO/A	CURS	APROXIMA. DIAGNOS	PT	NECESIDADE ESPECÍFICA	ASPECTOS A TRABALLAR
1	6º	TEL	PT1	INTERACION SOCIAL COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	HABILIDADES COMUNICATIVAS RESOLUCION DE PROBLEMAS APOIO RAZONAMENTO ADAPTACION DAS ACTIVIDADES
2	6º	D.A DEFASE CURRICULAR	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	ACI APOIO INDIVIDUALIZADO
3	6º	D.A. DEFICIT DE ATENCIÓN DIFICULTADESLECTO ESCRITURA	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO
4	6º	D.A.	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO
5	6º	D.A AUSENCIA DE ESCOLARIDADE	PT1	ATRASO NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO

6	5º	DEFICIT DE ATENCIÓN TDAH	PT1	DIFICULTADE DE CONCENTRACIÓN	APOIO INDIVIDUALIZADO INCIDINDO NA CONCENTRACIÓN
7	5º	TEA	PT1	INTERACION SOCIAL COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	HABILIDADES COMUNICATIVAS APOIO RESOLUCION DE PROBLEMAS APOIO RAZONAMENTO ADAPTACION DAS ACTIVIDADES
8	5º	DÉFICIT DE ATENCIÓN D.A	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO
9	5º	DEFICIT VISUAL D.A	PT1	DIFICULTADE NOS PROESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO

10	4º	TDAH D.A DISLEXIA	PT1	RETRASO ADQUSICION LECTO -ESCR DIFICULTADE DE CONCENTRACION	APLICACIÓN PROTOCOLO TDAH/ DISLEXIA
11	4º	TDAH D.A	PT1	RETRASO ADQUSICION LECTO ESCRITURA DIFICULTADE DE CONCENTRACIÓN	APLICACIÓN PROTOCOLO TDAH
12	4º	D.A MINUSVALIA E GRAO II DE DEPENDENCI	PT1	RETRASO ADQUSICION LECTO ESCRITURA DIFICULTADE DE CONCENTRACION	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA APOIO CALCULO E RESOLUCION DE PROBLEMAS
13	4º	D.A.	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO
14	4º	TDAH	PT1	DIFICULTADE NOS PROCESOS INSTRUCTIVOS	APOIO INDIVIDUALIZADO

15	3º	D.N.A POR DESAFEC SOCIAL SEGUIMENTO SS SOCIAIS	PT1	INTERACCION SOCIAL DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE LECTO – ESCRITURA	COMPETENCIAS SOCIAIS HABILIDADES COMUNICATIVAS APOIO INDIVIDUALIZADO NO CURRICULUM
16	3º	RETRASO GLOBAL TEL TDAH	PT1	COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	HABILIDADES COMUNICATIVAS APOIO CURRICULAR APOIO RAZONAMENTO

17	2º	TEA	PT2	INTERACCION SOCIAL COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	COMPETENCIAS SOCIAIS HABILIDADES COMUNICATIVAS AUTONOMIA PERSOAL
18	2º	RETRASO MADURATIVO	PT2	RETRASO ADQUISICION LECTO ESCRITURA DIFICULTADE DE CONCENTRACIÓN	APOIO INDIVIDUALIZADO
19	2º	TEA ( EN ESTUDIO) TDAH	PT2	INTERACCION SOCIAL	APOIO CURRICULAR
20	2º	TEL	PT2	COMUNICACION E LINGUAXE	APOIO CURRICULAR

21	1º	TDAH	PT2	COMUNICACION E LINGUAXE DIFICULTADE DE CONCENTRACION	PROTOCOLO TDAH
----	----	------	-----	---	----------------

22	5 ANOS	TEA	PT2	INTERACCION SOCIAL COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	COMPETENCIAS SOCIAIS HABILIDADES COMUNICATIVAS AUTONOMIA PERSOAL CONTROL ESFINTERES
23	5 ANOS	TEA	PT2	INTERACCION SOCIAL COMUNICACION E LINGUAXE FLEXIBILIDADE MENTAL	COMPETENCIAS SOCIAIS HABILIDADES COMUNICATIVAS AUTONOMIA PERSOAL CONTROL ESFINTERES
24	5 ANOS	DISCAPACIDADE	PT2	S.A.A.C. e ESTIMULACION LING. ORAL	COMPETENCIAS SOCIAIS HABILIDADES COMUNICATIVAS AUTONOMIA PERSOAL CONTROL ESFINTERES

25	4 ANOS	TRASTORNO NEUROCOGNITIVO	PT2	INTERACCION SOCIAL	ESTIMULACIÓN EN XERAL
----	--------	-----------------------------	-----	--------------------	-----------------------

*Dada a amplitude deste Plan de Apoio, realizaranse programas de intervención individuais/grupais para a atención específica das dificultades de aprendizaxe que os alumnos/as presenten. A acción educativa realizarase tanto dentro como fóra da aula, en función das necesidades educativas*

do alumnado. Para atender a estes alumnos está previsto actuar da seguinte maneira:

*Apoio directo na aula de pedagogía terapéutica:* os alumnos/as sairán das súas aulas de referencia para recibir apoio en pequeno grupo ou individualmente, onde se reforzarán as adaptacións curriculares, as habilidades básicas, a súa autonomía persoal e aquelas dificultades sinaladas nos seus informes psicopedagóxicos.

*Apoio indirecto:* elaborando actividades que desenvolverán nas súas aulas de referencia, e axudando na elaboración das adaptacións curriculares.

## **OBXECTIVOS DAS ÁREAS CURRICULARES**

O traballo cos alumnos que precisen apoio das mestras especialistas en pedagogía terapéutica englobase nas seguintes áreas:

A) Reforzo e apoio das áreas de Lingua e Matemáticas

Área de Lingua:

Mellorar as aprendizaxes de lectoescritura

Mellorar a comprensión lectora. Potenciar a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector.

Axudar os alumnos a descubrir e tomar conciencia do pracer pola lectura.

Utilizar a lingua eficazmente para redactar textos sinxelos.

Comprensión e composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos propios da experiencia do alumno.

Lectura en clase de obras axeitadas á súa idade e capacidade.

Mellorar a caligrafía, direccionalidade así como a ortografía.

Ampliar o vocabulario básico.

Área de Matemáticas:

Reforzar as operacións básicas.

Reforzar a resolución e razoamento de problemas.

Realizar operacións de cálculo mental.

Diferenciar e utilizar as unidades básicas do sistema métrico decimal-

Coñecer e diferenciar as unidades de tempo e as monetarias.

B) *Habilidades mentais básicas.*

Entre as habilidades mentais básicas que se tentarán reforzar están: *razoamento lóxico básico, alteracións de lectoescritura, orientación espacial-lateralidade, atención selectiva, percepción e memoria visual.*

Traballando todos estes aspectos preténdese acadar:

Maíor autoestima nas tarefas escolares, incorporando o autocontrol ó seu traballo e conduta.

Incrementar a atención e concentración nas tarefas

Sentirse reforzado e aceptado nos seus logros dentro e fóra da aula.

Mellorar a memoria inmediata e a longo prazo.

Desenvolver a súa capacidade lingüística: reforzar os aspectos máis funcionais de tipo expresivo-comprensivo (vocabulario, expresión clara e ordenada de ideas, razoamento, comprensión e xuízo práctico en situacións sociais).

Aumentar o grao de estruturación nos seus relatos escritos.

Mellorar as súas habilidades de cálculo e resolución de problemas.

Mediante estes obxectivos tentarase desenvolver as seguintes competencias básicas en pedagogía terapéutica:

Aprender a aprender: supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.

Tratamento da información e competencia dixital: preténdese fomentar as tecnoloxías da información e comunicación como instrumento da aprendizaxe, basicamente a través da utilización de programas educativos.

Competencia lingüística: coas subdimensións de escoitar, falar, conversar, ler e escribir. Esta competencia supón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Autonomía e iniciativa persoal: esta competencia refírese á aplicación de valores e actitudes persoais, interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, de afrontar os problemas, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Competencia matemática: desenvolvendo a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ó longo da vida, tanto no ámbito escolar e académico como fóra del.

## **ACTIVIDADES:**

Cada actividade debe ser preparada coidadosamente, evitando a excesiva direccionalidade (se é posible), e invitando ó alumno a traducila en habilidades de pensamento.

Cada actividade debe ser aberta e dar lugar a multitude de exercicios que enriquezan as aprendizaxes e os conceptos.

Dominio do vocabulario utilizado na presentación de tarefas, verbalizando formas de actuar e procedementos.

Profundizar e desmenuzar todo o posible cada actividade, analizando o plantexamento e planificando pasos a seguir.

Madurar estratexias para acadar solucións, evitando a dispersión.

Practicar a reflexión e busca dos conceptos que necesitamos para traballar.

Aportar referencias reais das actividades traballadas e transferir os coñecementos adquiridos, facilitando a formación de novos conceptos.

Buscar sempre a transversalización das actividades, abarcando aspectos como: educación emocional, convivencia, solución de conflitos, educación en valores, tolerancia, consumo responsable, educación vial.

### **RECURSOS:**

O lugar onde desenvolveran o seu traballo ten presente tres aspectos fundamentais: espazo, mobiliario e luminosidade. O espazo é o suficiente para permitir o libre movemento e a realización de diferentes actividades. É luminosa e está exenta de ruído. O mobiliario consta de : mesas, cadeiras, pizarra e armarios.

Os recursos cos que contan as aulas son moi variados, desde material lúdico-pedagógico ( puzzles, xogos manipulativos, encaixables, ábacos, dominó, calculadora, bloques lóxicos, regretas, xogos de mesa, xogos de imaxes...). Material informático e audiovisual ( ordenador, CD, software educativo). Material individual adaptado ( fichas para o reforzamento e recuperación das aprendizaxes básicas: lectoescritura, cálculo, razoamento, atención...), outros materiais ( revistas, xornais, cartolinas, plastilina, papel celofán, pintura de dedos, contos, fotografías...).

### **METODOLOXÍA:**

A metodoloxía é globalizadora, contextualizada, activa e propiciadora de aprendizaxes significativos e funcionais, partindo sempre do nivel dos alumnos.

*As estratexias a utilizar serán:*

Utilizaranse sempre apoios visuais para que o alumno centre a súa atención na tarefa, este motivado e, ó mesmo tempo, completa a explicación verbal. Ditos apoios visuais serán os máis próximos á realidade, sempre que sexa posible ( o obxecto real, fotografías...).

Focalización da atención. Desta forma, haberá que retirar todos aqueles estímulos que nun momento dado poidan distraer ó alumno. Polo tanto, encima da mesa, só teremos os obxectos que traballemos e colocarse ó alumno de forma que non poida distraerse cos debuxos da parede.

O reforzo positivo é moi importante. Así será preciso reforzar de forma positiva calquera intento do alumno de realizar a acción dexesada. Para isto, teremos que coñecer que reforzadores son os que mais lle inflúen. Non nos podemos esquecer dos reforzadores sociais: abrazos, bicos, aplausos....

Cómpre tamén a utilización dunha estimulación multisensorial, xa que así explotaremos ó máximo tódalas posibilidades sensoriais do alumno.

Sempre evitaremos a aparición da fatiga e o cansazo, que será contraproducente para o desenvolvemento da actividade, xa que o nivel de atención, xa escaso, diminuirá.

O ensino incidental, que consiste en aproveitar unha situación na que o alumno amosa unha determinada predisposición cara a un tipo de aprendizaxe. Hai que destacar que temos que utilizar a improvisación.

Temos que garantir a accesibilidade dos alumnos a tódolos espazos da aula e os materiais. Isto é moi importante, xa que así favoreceremos a súa autonomía e a exploración do contorno máis próximo.

*É moi importante asegurar un clima acolledor e seguro.*

*Por último, destacar que debemos evitar a sobreprotección. Debemos lembrar que un dos obxectivos principais para estes alumnos é aumentar a súa autonomía, ser máis independentes en relación ós adultos e isto nunca a acadaremos se o adulto protexe en exceso ó alumno.*

### **AVALIACIÓN:**

*Realizarase, nun primeiro momento, unha avaliación inicial do alumnado para establecer cales son as capacidades que posúe respecto ó currículo. Valoraranse tamén o estilo de aprendizaxe e motivación. Asemade, realizarase unha avaliación formativa, realizarase sobre os programas de intervención individuais E fundamental o seguimento do alumnado para axustar constantemente o proceso de ensinanza-aprendizaxe.*

*Con carácter xeral poderase considerar indicador de progreso a constatación da diminución da axuda necesaria nas diferentes actividades.*

*Algúns procedementos funcionais para levar a cabo a avaliación son: observación directa e sistemática, análise de producións escolares, anecdotarios, entrevistas cos pais ou os libros de incidencias.*

*Así conseguírase que a avaliación sexa: continua, cualitativa, descritiva, formativa, sistemática e global; é dicir integral. E que propicie o máximo desenvolvemento persoal dos alumnos e do seu proceso de ensinanza-aprendizaxe cara a súa plena inserción social e laboral.*

AS MESTRAS DE PT1 E PT2  
SETEMBRO 2022